




# DE CAMARIÑAS Á PONTE DO PORTO

Adela Leiro, Mon Daporta  
marzo 2020



**Distancia:** 17 km (lineal)  
**Dificultade:** baixa

Unha ruta na costa do concello de Camariñas, no interior da ría. E este un tramo sen elementos espectaculares, pero con recantos fermosos e boas panorámicas da ría, que nos leva a coñecer os últimos areais da contorna que se atopan ata antes de entrar no esteiro propiamente dito onde a punta da Man do Medio dificulta a saída ao mar dos sedimentos finos e escuros arrastrados polo río que o cobren todo.



## RÍA DE CAMARIÑAS

Ábrese entre a Punta do Costado, ao norte e Punta da Barca, ao sur. O principal río é o Grande que desemboca na Ponte do Porto e serve de linde entre as comarcas Terra de Soneira e Fisterra. No seu interior ábrese a enseada da Basa, na desembocadura do rego de Trasteiro.

Vista desde a punta da Barra

## PERCORRIDO

Saímos de **Camariñas** pola estrada cara á Ponte do Porto e nela collemos o paseo que nos leva á **Area da Vila**, antes de chegar xa temos unha fermosa estampa do conxunto que forma coa **praia de Lingude**, da que a separa a **punta do Castro**. Despois de percorrela pasamos polo trazado do Camiño dos Faros, por enriba da Punta do Castro e da praia de Lingude para ir ata a **Punta da Basa** e logo percorrer a enseada a todo o longo cara ao interior, uns 2 km, ata saír á estrada, pola beira da que temos que camiñar un anaco, e pasadas as primeiras casas collemos o primeiro desvío á dereita que pola linde das leiras e pola beira da auga nos leva á pista da Covadiña e despois ata a curva ao pé da Punta Sandría, onde temos un desvío para achegarnos á **Ariña Branca**, á **punta da Barra** e á **punta Sandría** desde onde, se a marea o permite, xa podemos baixar á **praia do Rego dos Coiros** e ir desde ela á do **Ariño**, para percorrela ao longo do seu quilómetro, ou, se a marea está chea, volver á pista para coller alí mesmo, na curva, o desvío ás praias. No remate da praia do Ariño, a última do percorrido, atopamos a saída ao mar do **rego de Lamastredo**, que coa marea baixa se pode cruzar para seguir pola beira da **Paxariña** ata a **Man do Medio**, se non collemos o camiño que se atopa un pouco antes da desembocadura do río para saír á estrada

Na estrada, pasada a Piosa e chegando ao alto, temos un camiño á dereita que sae a outro que pola dereita nos leva á **Man do Medio** no punto máis estreito do esteiro, e máis próximo á area Grande de Muxía que se atopa da outra banda; logo volvendo atrás pero sen desviarse saímos a Dor desde onde podemos achegarnos ao **Baixo de Dor** e ter unha vista da **illa do Forno do Sapo** e volver á estrada para seguir ata a **Ponte do Porto**.

Tamén podemos achegarnos á illa do Forno do Sapo seguindo pola estrada se, pasado o rego dos Salgueiros e o desvío á EDAR, collemos outro que baixa á Xunqueira e nos leva ao seu pé. É o último sitio no que podemos achegarnos ao río antes da ponte e desde el temos ademais unhas fermosas vistas do conxunto das Torres do Cereixo e o muíño de marea (no concello de Vimianzo).



Praia Area da Vila



Vista do porto e vila de Camariñas.



En Camariñas hai unha importante actividade de "palilleiras", fonte de recursos e atractivo desta zona. Hai un museo do encaixe e obradoiros para formar á xente moza.



Punta da Ínsua



Punta dos Castros



Praia de Lingude, con Camariñas ao fondo



Punta da Basa



Enseada da Basa



Ariña Branca



Punta Sandría



Praia do Reo dos Coiros



Praia do Ariño



Praia do Ariño



Rego de Lamastredo



A Paxariña



Ría de Camariñas desde A Man do Medio



65-Baixo de Dor



Furna do Sapo



Illa do Forno do Sapo



Ponte do Porto



Esteiro do rio Grande ou do Porto